



*INFORME DE AUDITORÍA INDEPENDIENTE*

*DE LAS*

*CUENTAS ANUALES*

*CORRESPONDIENTE AL EJERCICIO 2021*

*Sociedade para a Promoção de  
Iniciativas Empresariais  
Inovadoras M.P., S.L.*

## **Informe de auditoría de cuentas anuales emitido por un auditor independiente**

A los socios de SOCIEDADE PARA A PROMOCIÓN DE INICIATIVAS EMPRESARIAIS INNOVADORAS M.P., S.L.

### **Informe sobre las cuentas anuales**

---

#### **Opinión**

Hemos auditado las cuentas anuales de SOCIEDADE PARA A PROMOCIÓN DE INICIATIVAS EMPRESARIAIS INNOVADORAS M.P., S.L. (la sociedad), que comprenden el balance a 31 de diciembre de 2021, la cuenta de pérdidas y ganancias y la memoria correspondientes al ejercicio terminado en dicha fecha.

En nuestra opinión, las cuentas anuales adjuntas expresan, en todos los aspectos significativos, la imagen fiel del patrimonio y de la situación financiera de la sociedad a 31 de diciembre de 2021, así como de sus resultados correspondientes al ejercicio anual terminado en dicha fecha, de conformidad con el marco normativo de información financiera que resulta de aplicación (que se identifica en la nota 2 de la memoria) y, en particular, con los principios y criterios contables contenidos en el mismo.

---

#### **Fundamento de la opinión**

Hemos llevado a cabo nuestra auditoría de conformidad con la normativa reguladora de la actividad de auditoría de cuentas vigente en España. Nuestras responsabilidades de acuerdo con dichas normas se describen más adelante en la sección Responsabilidades del auditor en relación con la auditoría de las cuentas anuales de nuestro informe.

Somos independientes de la sociedad de conformidad con los requerimientos de ética, incluidos los de independencia, que son aplicables a nuestra auditoría de las cuentas anuales en España según lo exigido por la normativa reguladora de la actividad de auditoría de cuentas. En este sentido, no hemos prestado servicios distintos a los de la auditoría de cuentas ni han concurrido situaciones o circunstancias que, de acuerdo con lo establecido en la citada normativa reguladora, hayan afectado a la necesaria independencia de modo que se haya visto comprometida.

Consideramos que la evidencia de auditoría que hemos obtenido proporciona una base suficiente y adecuada para nuestra opinión.

---

#### **Aspectos más relevantes de la auditoría**

Los aspectos más relevantes de la auditoría son aquellos que, según nuestro juicio profesional, han sido considerados como los riesgos de incorrección material más significativos en nuestra auditoría de las cuentas anuales del periodo actual. Estos riesgos han sido tratados en el contexto de nuestra auditoría de las cuentas anuales en su conjunto, y en la formación de nuestra opinión sobre éstos, y no expresamos una opinión por separado sobre esos riesgos.

Hemos determinado que no existen riesgos más significativos considerados en la auditoría que se deban comunicar en nuestro informe.

---

### **Responsabilidad de los administradores en relación con las cuentas anuales**

Los administradores son responsables de formular las cuentas anuales adjuntas, de forma que expresen la imagen fiel del patrimonio, de la situación financiera y de los resultados de la sociedad, de conformidad con el marco normativo de información financiera aplicable a la entidad en España, y del control interno que consideren necesario para permitir la preparación de cuentas anuales libres de incorrección material, debida a fraude o error.

En la preparación de las cuentas anuales, los administradores son responsables de la valoración de la capacidad de la sociedad para continuar como empresa en funcionamiento, revelando, según corresponda, las cuestiones relacionadas con la empresa en funcionamiento y utilizando el principio contable de empresa en funcionamiento excepto si los administradores tienen intención de liquidar la sociedad o de cesar sus operaciones, o bien no exista otra alternativa realista.

---

### **Responsabilidades del auditor en relación con la auditoría de las cuentas anuales**

Nuestros objetivos son obtener una seguridad razonable de que las cuentas anuales en su conjunto están libres de incorrección material, debida a fraude o error, y emitir un informe de auditoría que contiene nuestra opinión.

Seguridad razonable es un alto grado de seguridad pero no garantiza que una auditoría realizada de conformidad con la normativa reguladora de la actividad de auditoría de cuentas vigente en España siempre detecte una incorrección material cuando existe. Las incorrecciones pueden deberse a fraude o error y se consideran materiales si, individualmente o de forma agregada, puede preverse razonablemente que influyan en las decisiones económicas que los usuarios toman basándose en las cuentas anuales.

En el Anexo I de este informe de auditoría se incluye una descripción más detallada de nuestras responsabilidades en relación con la auditoría de las cuentas anuales. Esta descripción que se encuentra en el citado Anexo es parte integrante de nuestro informe de auditoría.

Auditoría y Diagnóstico Empresarial, S.A.  
C/ Luciano Caño, 4 – 1º 15004 La Coruña  
Inscrita en el R.O.A.C. nº 50382

Agustín Santiago Fernández Pérez  
Socio  
Inscrito en el R.O.A.C. nº 19870

A Coruña, a 28 de junio de 2022

**AUDITORES**

INSTITUTO DE CENSORES JURADOS  
DE CUENTAS DE ESPAÑA

PARA INCORPORAR AL PROTOCOLO

AUDITORIA Y DIAGNOSTICO  
EMPRESARIAL, S.A.

2022 Núm. 04/22/00901

\*\*\*\*\*  
Plan de auditoría de cuentas anuales,  
a la normativa de auditoría de cuentas  
española e internacional  
\*\*\*\*\*

## **Anexo I de nuestro Informe de auditoría**

Adicionalmente a lo incluido en nuestro informe de auditoría, en este Anexo incluimos nuestras responsabilidades respecto a la auditoría de las cuentas anuales.

---

### **Responsabilidades del auditor en relación con la auditoría de las cuentas anuales**

Como parte de una auditoría de conformidad con la normativa reguladora de la actividad de auditoría de cuentas vigente en España, aplicamos nuestro juicio profesional y mantenemos una actitud de escepticismo profesional durante toda la auditoría. También:

- Identificamos y valoramos los riesgos de incorrección material en las cuentas anuales, debida a fraude o error, diseñamos y aplicamos procedimientos de auditoría para responder a dichos riesgos y obtenemos evidencia de auditoría suficiente y adecuada para proporcionar una base para nuestra opinión. El riesgo de no detectar una incorrección material debida a fraude es más elevado que en el caso de una incorrección material debida a error, ya que el fraude puede implicar colusión, falsificación, omisiones deliberadas, manifestaciones intencionadamente erróneas, o la elusión del control interno.
- Obtenemos conocimiento del control interno relevante para la auditoría con el fin de diseñar procedimientos de auditoría que sean adecuados en función de las circunstancias, y no con la finalidad de expresar una opinión sobre la eficacia del control interno de la entidad.
- Evaluamos si las políticas contables aplicadas son adecuadas y la razonabilidad de las estimaciones contables y la correspondiente información revelada por los administradores.
- Concluimos sobre si es adecuada la utilización, por los administradores, del principio contable de empresa en funcionamiento y, basándonos en la evidencia de auditoría obtenida, concluimos sobre si existe o no una incertidumbre material relacionada con hechos o con condiciones que pueden generar dudas significativas sobre la capacidad de la sociedad para continuar como empresa en funcionamiento. Si concluimos que existe una incertidumbre material, se requiere que llamemos la atención en nuestro informe de auditoría sobre la correspondiente información revelada en las cuentas anuales o, si dichas revelaciones no son adecuadas, que expresemos una opinión modificada. Nuestras conclusiones se basan en la evidencia obtenida hasta la fecha de nuestro informe de auditoría. Sin embargo, los hechos o condiciones futuros pueden ser la causa de que la sociedad deje de ser una empresa en funcionamiento.
- Evaluamos la presentación global, la estructura y el contenido de las cuentas anuales, incluida la información revelada, y si las cuentas anuales representan las transacciones y hechos subyacentes de un modo que logran expresar la imagen fiel.

Nos comunicamos con los administradores de la entidad en relación con, entre otras cuestiones, el alcance y el momento de realización de la auditoría planificada y los hallazgos significativos de la auditoría, así como cualquier deficiencia significativa del control interno que identificamos en el transcurso de la auditoría. Entre los riesgos significativos que han sido objeto de comunicación a los administradores de la entidad, determinamos los que han sido de la mayor significatividad en la auditoría de las cuentas anuales del periodo actual y que son, en consecuencia, los riesgos considerados más significativos.

Describimos esos riesgos en nuestro informe de auditoría salvo que las disposiciones legales o reglamentarias prohiban revelar públicamente la cuestión.



# CONTAS ANUAIS

SOCIEDADE PARA A  
PROMOCIÓN DE INICIATIVAS  
EMPRESARIAIS  
INNOVADORAS M.P., S.L.  
SOCIEDADE PARA A PROMOCIÓN DE INICIATIVAS  
EMPRESARIAIS INNOVADORAS M.P., S.L.

Balance de Situación.  
Conta de Perdas e Ganancias.  
Memoria.

Ano  
2021



*Handwritten signature or initials.*



## BALANCE DE SITUACIÓN

SOCIEDAD PARA LA PROMOCIÓN DE INICIATIVAS EMPRESARIALES INNOVADORAS S.P. S.U. (UNINOVA)

Balance de Situación de FOMES al cierre de ejercicio 2021 (31 de diciembre)

ACTIVO	Notas M.	2021	2020	PASIVO	Notas M.	2021	2020
<b>A) ACTIVO NON CORRENTE</b>	<b>4 e 5</b>	<b>69.745,97</b>	<b>729,09</b>	<b>A) PATRIMONIO NETO</b>		<b>314.846,40</b>	<b>343.951,35</b>
Inmovilizaciones Intangibles		0,00	275,38	A-1) Fondos Propios	7	314.846,40	343.951,35
Inmovilizaciones Materiales		5.540,23		Capital		120.707,42	120.202,12
Inversiones en empresas del grupo		420,00	420,00	Reservas		15.482,97	34.012,48
Inmovilizaciones Financieras		63.785,74	33,71	Resultados negativos de ejercicios anteriores		0,00	0,00
				Otros ingresos de socios		239.705,55	223.524,37
				Resultado de ejercicio		-10.545,54	-37.817,82
				<b>A-2) Subvenciones, donaciones e legados recibidos</b>		<b>0,00</b>	<b>0,00</b>
				<b>B) PASIVO NON CORRENTE</b>	<b>6</b>	<b>682,72</b>	<b>27.519,82</b>
				Deudas a largo plazo transformables en subvenciones		682,72	27.519,82
<b>B) ACTIVO CORRENTE</b>	<b>5</b>	<b>534.857,17</b>	<b>826.707,33</b>	<b>C) PASIVO CORRENTE</b>	<b>5</b>	<b>289.074,02</b>	<b>455.965,25</b>
Deudores comerciales y otras cuentas a cobrar	8.1, 8.2, 3	411.219,51	599.571,27	Provisiones a corto	8.3	18.559,41	0,00
Inversiones financieras a corto plazo		297,75	0,00	Deudas con entidades de crédito	4	100.000,00	100.000,00
Gastos anticipados		54,13	482,49	Deudas a corto plazo transformables en subvenciones	5	162.611,36	21.197,13
Reserva		122.795,78	126.704,57	Otras deudas a corto	6	2.768,75	3.720,75
				Provisiones empresas del grupo e asociadas		0,00	5.280,97
				Acreedores por prestación de servicio		0,00	229,96
				Otras deudas no comerciales	6	5.143,90	4.747,17
<b>TOTAL ACTIVO</b>		<b>604.603,14</b>	<b>827.436,42</b>	<b>TOTAL PATRIMONIO NETO E PASIVO</b>		<b>604.603,14</b>	<b>827.436,42</b>



*[Handwritten signature]*



## CONTA DE PERDAS E GANANCIAS

Handwritten signature or initials in the bottom right corner of the page.



SOCIEDAD PATA S.A. PROMOCIÓN DE INICIATIVAS EMPRESARIALES INNOVADORAS S.R.L. (UNINOVA)  
Cuenta de Pérdidas y Ganancias de TERCER correspondiente al ejercicio terminado a 31 de diciembre de 2021

Nº CUENTAS		Notas Memoria	2021 (Debe)Haber	2020 (Debe)Haber
7001,7011,7021,7031,7041,7051,7061,7081,7091	1. Imparte rete da cifra do negocio		760,00	630,00
669301,71,7933	2. Variación de existencias de productos terminados e en curso de fabricación			
72	3. Trabajos realizados para empresa para o seu activo			
(6011),(6011),(602), 606,(607),608,609,611,(69311, (6942),(6943),7931,7932,7933	4. Amortizamentos	10.6		
740,747,75	5. Otras ingresos de explotación		210,393,57	152,985,05
(64)	6. Gastos de personal	10.6	(39,279,18)	(92,332,34)
(62),(631),(644) 645,670,(65),(674),(6931),791,7954	7. Otras gastos de explotación	10.6	(169,471,27)	(92,829,82)
(58)	8. Amortización de inmuebles	10.6	(1,026,48)	(180,80)
746	9. Imputación de intervenciones de inmovilizado no financiero e outras			
7951,7952,7955	10. Excessos da provisións			
(670),(671),(672),(690),(691),(692),770,771,772	11. Deterioro e resultado de enaxeracións de inmovilizado			
790,791,792	12. Outros resultados			
760,751,762,763	A) RESULTADO DE EXLOTACIÓN (1+2+3+4+5+6+7+8-9-10+11)		(38,602,36)	(32,107,92)
(680),(681),(682),(684),(685),(689),	12. Ingresos financieros		0,00	0,00
683),763	13. Gastos financieros	10.6	(1,942,18)	(1,710,09)
(684),764	14. Variación de valor razonable en instrumentos financieros			
(666),(667),(677),(678),(690),(691),(692),(698),(699	15. Diferenzas de cambio			
766,771,775,796,797,798,799	16. Deterioro a resultados por enaxeracións de instrumentos financeiros			
(6300),6301,6322),636	B) RESULTADO FINANCIERO (12+13+14+15+16)		(1,942,18)	(1,709,90)
	C) RESULTADO ANTES DE IMPUESTOS (A+B)		(60,545,54)	(35,817,72)
	17. Impuestos sobre beneficios			
	D) RESULTADO DEL EJERCICIO (C-17)		(60,545,54)	(35,817,82)



*[Handwritten signature]*



# MEMORIA

## ÍNDICE

1. Actividade da empresa
2. Bases de presentación das contas anuais
  - 2.1. *Imaxe fiel.*
  - 2.2. *Principios contables non obrigatorios*
  - 2.3. *Aspectos críticos da valoración e estimación da incerteza.*
  - 2.4. *Comparación da información.*
  - 2.5. *Elementos recollidos en varias partidas.*
  - 2.6. *Cambios en criterios contables.*
  - 2.7. *Corrección de erros.*
  - 2.8. *Importancia relativa.*
3. Normas de rexistro e valoración
  - 3.1. *Inmovilizado intanxible.*
  - 3.2. *Inmovilizado material.*
  - 3.3. *Activos e pasivos financeiros.*
  - 3.4. *Existencias.*
  - 3.5. *Transaccións en moeda estranxeira.*
  - 3.6. *Impostos sobre beneficios.*
  - 3.7. *Ingresos e gastos.*
  - 3.8. *Provisións e continxencias.*
  - 3.9. *Subvencións, doazóns e legados.*
  - 3.10. *Criterios empregados en transaccións entre partes vinculadas.*
4. Inmovilizado material, intanxible e inversións inmobiliarias
5. Activos financeiros
6. Pasivos financeiros
7. Fondos propios
8. Situación fiscal
  - 8.1. *Saldos coas administracións públicas*
  - 8.2. *Impostos sobre beneficios*
  - 8.3. *Continxencias*
9. Operacións con partes vinculadas
10. Outra información
  - 10.1 *Cadro de persoal*
  - 10.2 *Acordos que non figuren no balance*
  - 10.3 *Subvencións, doazóns e legados*
  - 10.4 *Feitos posteriores o peche.*
  - 10.5 *Aplicación de resultados.*
  - 10.6 *Ingresos e gastos.*
  - 10.7 *Información sobre os aprazamentos de pago efectuados a provedores. Disposición adicional terceira. "Deber de información" da Lei 15/2010, de 5 de xullo.*
  - 10.8 *Honorarios de Auditoría.*



## MEMORIA PEMES EXERCICIO ANUAL A 31 DE DECEMBRO DE 2021

### 1. Actividade da empresa

A Sociedade para a Promoción de Iniciativas Empresariais Innovadoras, S.L. (en diante a Sociedade), con CIF B -15678733 foi constituída o 17 de decembro de 1998, iniciando as súas operacións en xaneiro de 1999.

O 20 de xullo de 2021, a Xunta Xeral constituída como Xunta Universal, acorda entre outras, a modificación do artigo 1 dos seus Estatutos, pasando a denominarse "Sociedade para a Promoción de Iniciativas Empresariais Innovadoras M.P, S.L.". Aos efectos de cumprir coa obriga de Informar da realización das actividades como Medio Propio, salienta que durante o exercicio 2021, Sociedade para a Promoción de Iniciativas Empresariais Innovadoras M.P., S.L., non recibiu encargos por parte do Concello de Santiago.

O obxecto social da Sociedade será fomentar, facilitar, promocionar e impulsar toda clase de actuacións xeradoras de ocupación e de actividade económica na área de Compostela para contribuír á consolidación no Concello de Santiago de Compostela dun tecido económico xerador de emprego, riqueza e innovación.

Dentro deste obxectivo social entenderanse comprendidas entre outras, as seguintes actividades:

- a. Promover estudos e análises da situación económica orientados a unha máis eficaz mobilización de recursos e promoción da ocupación.
- b. Avaliar e coordinar as iniciativas promovidas, tanto polo sector público como o privado, encamiñadas ao fomento da actividade económica e o estímulo dos investimentos xeradores de ocupación.
- c. Promover os programas de fomento da ocupación e do coñecemento das vantaxes e axudas ás que poden acollerse as empresas.
- d. Crear e xestionar centros de apoio e de servizos para as empresas, preferentemente de nova creación.
- e. Habilitar locais para a localización física das empresas, tanto Industriais como de servizos.
- f. Fornecer servizos xerais e loxísticos ás empresas, tanto ás instaladas nos centros de apoio como ás do resto da cidade.
- g. Dar servizos de asesoramento nos diferentes ámbitos empresariais, especialmente en canto á creación e posta en marcha de empresas, tales como:  
Apoio á creación e implantación de empresas e o seu desenvolvemento posterior, a través da xeración de cultura emprendedora, a formación, etc ...



Introdución de instrumentos financeiros, servizos específicos ás persoas emprendedoras e incentivos fiscais vinculados ao concello de Santiago, con excepción das actividades establecidas nos artigos 140 e 141 do RDL 4/2015, do 23 de outubro, así como as reguladas e comprendidas no artigo 3 da Lei 10/2014, do 26 de xuño, e artigo 6 da Lei 5/2015, do 27 de abril.

Promover, dinamizar, deseñar e executar as políticas específicas de apoio ás persoas emprendedoras para o estímulo á creación das empresas e o seu posterior desenvolvemento e consolidación.

**Accións de formación, divulgación, asesoramento e acompañamento**

Obradoiros e cursos de formación empresarial para a maduración de ideas e proxectos, apoios individualizados para a elaboración e análise dos plans de empresa, consultas para a selección da forma xurídica e soporte ás xestións e tramitacións preclisas para posta en marcha.

Accións de fomento do emprego entre a mocidade e de recuperación do talento emigrado.

Programas que combatan a precariedade e a fenda de xénero no emprego, así como de estímulo de potenciación do emprego de mulleres.

h. Xestionar os instrumentos e trámites necesarios para facilitar a creación e implantación de novas empresas, ofrecendo entre outros servizos, apoio ou formación previa para a maduración dunha idea empresarial ou para a elaboración do plan de empresa.

i. Axudar ás empresas instaladas nos centros de apoio á súa implantación definitiva, unha vez normalizadas e plenamente competitivas.

j. Constituír ou participar en sociedades mercantís xa constituídas ou en fundacións que contribúan a acadar os fins do seu obxecto social.

k. Obter axudas e garantías de administracións comunitarias, estatais, autonómicas e locais.

l. Promover e establecer acordos de todo tipo con empresas, organismos, institucións, asociación e expertos que poidan contribuír ao logro dos seus fins e función.

m. Calquera outra atribuída polos artigos 9 e 17 da Lei 9/2021 de simplificación administrativo e de apoio á reactivación económica de Galicia ou por outra normativa autonómica que en materia de promoción da actividade económica e do Emprendemento outorgue funcións específicas ás administracións locais.

n. Organización de xornadas relacionadas cos obxectivos da Sociedade.

o. Constitución dun centro de apoio e referencia na Comunidade Galega en materia de creación de empresas segundo criterios de innovación tecnolóxica.

p. Prestación de servizos e asistencia técnica a empresas innovadoras.

q. Calquera outras que afecten ou incidan nos fins estatutariamente establecidos.



A Sociedade realizará os servizos que sexan obxecto do encargo por parte do Concello e poderá desenvolver as actividades económicas cuxo obxecto estea relacionado cos seus fins sociais ou que sexa complementarias ou accesorias das mesmas, con sometemento ás normas reguladoras da defensa da competencia e coas limitacións que, pola súa condición de medio propio, sexan establecidas legalmente.

A compensación que recibirá a Sociedade polos encargos realizados establecerase por referencia ás tarifas aprobadas polo Concello, aplicando ás unidades executadas as tarifas correspondentes. As tarifas, que se concretarán nos documentos nos que se formalicen os encargos, calcularanse de maneira que representen os custos reais de realización das actividades, garantindo o equilibrio que exclúa un prexuízo patrimonial á Sociedade.

Ademais, a Sociedade poderá obter ingresos polas súas actividades sempre que non impliquen unha limitación inustificada do ámbito dos seus posibles beneficiarios e coas limitacións que, pola súa condición de medio propio, sexan establecidas legalmente.

A Sociedade non poderá participar nas licitacións públicas convocadas polo Concello, sen prexuízo de que, cando non concorran ningún licitador, poida encargárselle a execución da prestación obxecto das mesmas.

O 10 de maio de 2021, en escritura pública, procédese a unha compravenda de participacións sociais entre os socios da Sociedade: a Universidade de Santiago de Compostela, que dispuña do 51% do capital social, e o Concello de Santiago, que dispuña do 49%. Tras esta compravenda, as novas porcentaxes de participación pasan a ser as seguintes (ver apartado 7):

- Concello de Santiago de Compostela: 80%
- Universidade de Santiago de Compostela: 20%

O domicilio social está establecido no Pazo de Raxoi, Praza do Obradoiro s/n, en Santiago de Compostela. O centro da actividade da empresa radica no Edificio Emprendia, Campus Vida s/n 15782 – Universidade de Santiago de Compostela. A Sociedade o 1 de xaneiro de 2011, asina un contrato de arrendamento coa Universidade de Santiago de Compostela que actúa neste caso en calidade de arrendadora dos locais PB-C1 e PB-C2 localizados no módulo central da planta baixa do Edificio Emprendia. O devandito contrato de arrendamento realízase por un período de dez anos que comezará a contar desde o día 1 de xaneiro de 2011 ata o 31 de decembro de 2021. Con data 1 de outubro de 2011 asinouse unha adenda ao contrato de arrendamento co obxecto de reducir a superficie arrendada unicamente ao local PB-C1. Con data 1 de xuño de 2012 asinouse unha nova adenda ao contrato de arrendamento pola que Uninova, xa non disporá da totalidade do local PB-C1, senón que pasará a instalarse unicamente na metade do devandito local.




## 2. Bases de presentación das contas anuais

### 2.1. *Imaxe fiel.*

As Contas Anuais da Sociedade correspondentes ao exercicio 2021 foron formuladas polos administradores o día 25 de marzo de 2022 a partires dos rexistros contables da Sociedade a 31 de decembro de 2021 e foron posteriormente reformuladas o 27 de xuño de 2022. Os Administradores da Sociedade estiman que as contas anuais reformuladas do exercicio 2021, serán aprobadas pola Xunta Xeral de Accionistas sen ningunha modificación.

Na súa elaboración aplícanse os principios contables e criterios de valoración recollidos no Real Decreto 1515/2007, de 16 de novembro ( polo que se aproba o Plan Xeral de Contabilidade de Pemes) e demais disposicións legais, vixentes en materia contable, co obxecto de amosar a imaxe fiel do patrimonio, da situación financeira e dos resultados da Sociedade.

As contas anuais que se achegan serán sometidas á súa aprobación pola Xunta Xeral de Socios.

As contas anuais do exercicio anterior foron aprobadas pola Xunta Xeral Ordinaria do 20 de xullo de 2021.

### 2.2. *Principios contables non obrigatorios*

Non se aplicaron principios contables non obrigatorios. Adicionalmente, o Órgano de Administración elaborou estas Contas Anuais tendo en conta todos os principios e normas contables obrigatorias que teñan un efecto significativo sobre as devanditas Contas Anuais. Non existe ningún principio contable que, sendo obrigatorio, se deixase de aplicar.

### 2.3. *Aspectos críticos da valoración e estimación da incerteza.*

A Sociedade elaborou os seus estados financeiros baixo o principio de empresa en funcionamento, tendo en conta a situación do exercicio 2021 e a situación actual do COVID-19, así como os seus posibles efectos sobre a economía en xeral e sobre a empresa en particular, non existindo risco de continuidade na súa actividade.

A Sociedade elaborou os seus estados financeiros baixo o principio de empresa en funcionamento, sen que exista ningún tipo de risco significativo que poida supoñer cambios significativos no valor dos activos ou pasivos no exercicio seguinte.

### 2.4. *Comparación da información.*

As contas anuais deste exercicio compáranse para cada unha das partidas do balance de situación e da conta de perdas e ganancias coas correspondentes ao exercicio 2020.

Asemade, preséntase a información contida nesta memoria referida ao exercicio

2021, a efectos comparativos, coa información do exercicio 2020.

A Compañía non está obrigada a auditar as contas anuais dos anos 2021 e 2020. Non obstante, ambos atópanse auditados.

#### *2.5. Elementos recollidos en varias partidas.*

Non existen elementos patrimoniais que estean rexistrados en varias partidas do balance.

#### *2.6. Cambios en criterios contables.*

Durante o exercicio 2021 a sociedade non procedeu a realizar ningún cambio nos criterios contables.

#### *2.7. Corrección de erros.*

As contas anuais do exercicio 2021 non recollen axustes realizados como consecuencia de erros detectados no exercicio.

#### *2.8. Importancia relativa.*

Á hora de determinar a información que se vai desglosar nesta memoria sobre as distintas partidas dos estados financeiros ou outros asuntos, a Sociedade, de acordo co Marco Conceptual do Plan Xeral de Contabilidade, tivo en conta a importancia relativa en relación coas contas anuais do exercicio 2021.

### **3. Normas de rexistro e valoración**

#### *3.1. Inmobilizado intanxible.*

As aplicacións Informáticas valoraranse polo seu custe de adquisición e aplicaráselles a amortización lineal durante un período de tres anos. Os custos de mantemento das aplicacións informáticas lévanse a perdas no momento en que se incorre nos mesmos.

Despois do recoñecemento inicial, o inmovilizado Intanxible valorarase polo seu custo, menos a amortización acumulada e, no seu caso, o importe acumulado das correccións por deterioro rexistradas.

No presente exercicio non se recoñecen "Perdas netas por deterioro" derivadas dos activos intanxibles.

A amortización dos elementos do inmovilizado intanxible, aplicada de forma lineal, durante a súa vida útil estimada, é a seguinte:



<i>Descripción</i>	<i>Anos</i>	<i>% Anual</i>
<i>Desenvolvemento</i>		
<i>Concesións</i>		
<i>Patentes, licencias, marcas e similares</i>		
<i>Aplicacións informáticas</i>		33%
<i>Outro inmovilizado intanxible</i>		

### 3.2. *Inmovilizado material.*

O inmovilizado material está composto por aqueles bens tanxibles que posúe a Sociedade para o seu uso na actividade diaria coa finalidade de proporcionar bens e servizos de forma permanente que non sexan destinados á venda directa.

Todas as partidas do inmovilizado material están valoradas polo seu prezo de adquisición.

A Sociedade amortiza o seu inmovilizado material aplicando a amortización lineal, distribuindo o custo dos activos entre os seus anos de vida útil estimada e aplicándolles os seguintes coeficientes anuais:

<i>Elementos do inmovilizado</i>	<i>% Amortización anual</i>
<i>Equipos de telefonía, comunicacións e son</i>	12%
<i>Equipos informáticos</i>	25%
<i>Mobiliario</i>	10%
<i>Outras instalacións</i>	10%-12%

Os gastos de mantemento, conservación e reparacións periódicas normais cárganse ao resultado do exercicio no que se incorren.

A Sociedade non ten compromisos de desmantelamento, retirada ou rehabilitación dos seus activos. Por este motivo, non se contabilizaron no activo valores para cubrir tales obrigas futuras.

A perda por deterioro do valor dun elemento de inmovilizado material rexístrase cando o seu valor neto contable supera o seu importe recuperable, entendéndose este como o maior importe entre o seu valor razoable menos os custos de venda e o seu valor de uso.

Os gastos realizados durante o ano polas obras e traballos realizados pola Empresa, imputaranse ás contas de gastos correspondentes. Os custos de ampliación ou mellora que dean lugar a un aumento da capacidade produtiva ou a un alongamento da vida útil dos bens, incorpóranse ao activo como valor superior dos mesmos. As contas de inmovilizado material en curso imputan o importe dos




devanditos gastos, con abono á partida de ingresos que inclúa os traballos realizados pola Sociedade para si.

Os arrendamentos clasifícanse como arrendamentos financeiros sempre que as súas condicións mostren que os riscos e beneficios inherentes á propiedade do ben obxecto do contrato se transfiran substancialmente ao arrendatario. Todos os demais arrendamentos clasifícanse como arrendamentos operativos.

A Sociedade avalía polo menos ao peche de cada exercicio se existen indicios de perdas por deterioro do valor do seu inmovilizado material, que reduzan o valor recuperable dos devanditos activos a un importe inferior ao seu valor en libros. De existir algún indicio, estímase o valor recuperable do activo para determinar o alcance da eventual perda por deterioro do valor. No caso de que o activo non xere fluxos de efectivo independentes doutros activos ou grupos de activos, a Sociedade calcula o valor recuperable da unidade xeradora de efectivo (UGE) á que pertence o activo.

O valor recuperable dos activos é o maior entre o seu valor razoable menos os custos de venda e o seu valor de uso. A determinación do valor de uso realízase en función dos fluxos de efectivo futuros esperados que se derivarán do uso do activo, das expectativas sobre posibles variacións no importe ou da distribución temporal dos fluxos, do valor temporal do diñeiro, do prezo ao satisfacer ao soportar a incerteza relacionada co activo e outros factores que os participantes no mercado considerarían ao valorar os fluxos de efectivo futuros relacionados co activo.

No caso de que o importe recuperable estimado sexa inferior ao valor neto contable do activo, a correspondente perda por deterioro rexístrase con cargo á conta de perdas e ganancias, reducindo o valor en libros do activo ata o seu importe recuperable.

Recoñecida a corrección valorativa por deterioración ou a súa reversión, a amortización dos exercicios seguintes axustarase considerando o novo valor en libros.

Sen prexuízo do anterior, se as circunstancias específicas do activo revelasen unha perda irreversible, esta recoñécese directamente nas perdas do inmovilizado da conta de perdas e ganancias.

No exercicio 2021, a Sociedade non rexistrou perdas por deterioración do inmovilizado material.

### 3.3. Activos e pasivos financeiros.

A Sociedade ten rexistrados no capítulo de activos e pasivos financeiros, aqueles contratos que dan lugar a un activo financeiro nunha empresa e, simultaneamente, a un pasivo financeiro ou a un instrumento de patrimonio noutra empresa.

Seguindo as normas do Plan Xeral de Contabilidade de Pemes, as débedas clasifícanse, a curto ou longo prazo, en función do seu vencemento sendo reclasificadas anualmente.

Esta norma é aplicable aos seguintes:

a) Activos financeiros:

- Efectivo e outros activos líquidos equivalentes.
- Créditos por operacións comerciais: clientes e debedores diversos.
- Préstamos a terceiros: como préstamos e créditos financeiros concedidos, incluídos os derivados da venda de activos non correntes.
- Valores de débeda doutras sociedades adquiridos: como obrigas, bonos e pagarés.
- Instrumentos de patrimonio doutras sociedades adquiridos: accións, participacións en entidades de investimento colectivo e outros instrumentos de patrimonio.
- Derivados cunha valoración favorable para a empresa: entre eles, futuros, opcións, permutas financeiras e negociación de divisas a futuro.
- Outros activos financeiros: como depósitos en entidades de crédito, anticipos e préstamos ao persoal, garantías e depósitos, dividendos a cobrar e desembolsos necesarios en instrumentos de patrimonio propio.

b) Pasivos financeiros:

- Débedas por operacións comerciais: provedores e acredores diversos.
- Débedas con entidades de crédito.
- Obrigas e outros valores negociables emitidos: como bonos e pagarés.
- Derivados cunha valoración desfavorable para a empresa: entre eles, futuros, opcións, permutas financeiras e negociación a futuro de divisas.
- Débedas con características especiais.
- Outros pasivos financeiros: débedas con terceiros, tales como préstamos e créditos financeiros recibidos de persoas ou sociedades que non sexan entidades de crédito, incluídas as derivadas da compra de activos non correntes, garantías e depósitos recibidos e desembolsos requiridos por terceiros en accións.

c) Instrumentos de patrimonio propio: todos os instrumentos financeiros que se inclúen dentro dos fondos propios, como as accións ordinarias emitidas.

3.3.1. Investimentos financeiros a curto e longo prazo

Préstamos e contas a cobrar: contabilízanse polo seu custo amortizado, correspondente ao efectivo entregado, menos as amortizacións de principal efectuadas, máis os xuros devengados non cobrados no caso dos préstamos, e polo valor actual da contraprestación efectuada no caso das contas a cobrar. A




Sociedade rexistra os correspondentes deterioros pola diferenza entre o importe a recuperar das contas a cobrar e o valor contable polo que se rexistran.

Investimentos mantidos ata o vencemento: aqueles títulos de débeda, con vencemento fixado, cobros de importe determinado ou determinable, que se negocien nun mercado activo e que a Sociedade teña a intención e capacidade de manter ata o seu vencemento. Rexístranse polo seu custo amortizado.

Investimentos en empresas do grupo, asociadas e controladas conxuntamente.

Investimentos dispoñibles para a venda: son o resto dos investimentos que non se enmarcan nas catro categorías anteriores, correspondentes case na súa totalidade a investimentos financeiros en capital, pasando a corresponder case na súa totalidade a investimentos financeiros en capital, cun investimento inferior ao 20%. Estes investimentos figuran no balance adxunto polo seu valor razoable cando poida determinarse con fiabilidade. No caso de investimentos en sociedades non cotizadas, o valor de mercado normalmente non pode determinarse con fiabilidade, polo que cando se dá esta circunstancia, valóranse polo seu custo de adquisición ou por un importe inferior se existe evidencia de deterioro.

### 3.3.2. Pasivos financeiros

Os préstamos, obrigas e similares contabilízanse inicialmente polo importe recibido, neto dos custos ocasionados pola transacción. Os gastos financeiros, incluídas as primas a pagar por liquidación ou reembolso e os custos de transacción, rexístranse na conta de perdas e ganancias segundo o devengo utilizando o método do interese efectivo. O importe devengado e non liquidado engádesse ao valor en libros do Instrumento na medida en que non se liquiden no período en que se producen.

As contas a pagar rexístranse inicialmente ao custo de mercado e posteriormente valóranse ao custo amortizado mediante o método do tipo de interese efectivo.

### 3.3.3. Investimentos en empresas do grupo, entidades controladas conxuntamente e asociadas

Os investimentos en empresas do grupo, controladas conxuntamente e asociadas valóranse inicialmente polo seu custo, que é igual ao valor razoable da contraprestación dada máis os custos de transacción.

Polo menos ao peche do exercicio, a Sociedade procede a avaliar se se produciu algunha deterioración no valor dos investimentos. As correccións valorativas por deterioro e, se é o caso, reversión, rexístranse como gasto ou ingreso, respectivamente, na conta de perdas e ganancias.

A corrección por deterioro aplicarase sempre que exista evidencia obxectiva de que o valor en libros dun investimento non será recuperable.

Enténdese por valor recuperable o maior entre o seu valor razoable menos os custos de venda e o valor actual dos fluxos de efectivo futuros derivados do

investimento, calculado xa sexa estimando os que se espera recibir como consecuencia da distribución de dividendos realizada pola sociedade participada e da venda ou baixa en contas do propio investimento, ou xa sexa estimando a súa participación nos fluxos de caixa que se prevé xerar pola sociedade participada. Salvo mellor evidencia do importe recuperable, terase en conta o patrimonio da entidade participada corrixido polas plusvalías tácitas existentes na data de valoración.

Os pasivos financeiros e os instrumentos de patrimonio clasifícanse segundo o contido dos acordos contractuais celebrados e tendo en conta a substancia económica. Un instrumento de patrimonio é un contrato que representa unha participación residual no patrimonio do grupo despois de deducir todos os seus pasivos.

#### 3.4. Existencias.

Ao tratarse de unha empresa de servizos as existencias da Sociedade limitáanse ás compras de bens de material de oficina e de mantemento das instalacións. Ao tratarse de compras de escaso valor considerarase que todas se consumen no exercicio, non quedando existencias finais.

Ao 31 de decembro de 2021 a Sociedade non ten ningún servizo a clientes que debido á súa longa duración se puidese considerar en curso.

#### 3.5. Transaccións en moeda estranxeira.

As operacións realizadas en moeda estranxeira rexistráranse na moeda funcional da Sociedade, e dicir, en euros aos tipos de cambio vixentes no momento da transacción. As diferenzas que se producen entre o tipo de cambio contabilizado e o que se atopa en vigor á data de cobro ou de pago rexistráranse como resultados financeiros na conta de resultados.

#### 3.6. Impostos sobre beneficios.

- O gasto polo imposto corrente determínase aplicando o tipo de imposto vixente á ganancia fiscal, e minorando o resultado obtido polo importe das bonificacións e deducións xerais aplicadas no exercicio.
- Os activos e pasivos por impostos diferidos proceden das diferenzas temporais. E dicir, dos importes que se ten previsto pagar ou recuperar no futuro derivados da diferenza entre o valor, dos activos e pasivos, rexistrados nos libros contables e a súa base fiscal. Estes importes rexístranse aplicando a diferenza temporal ao tipo de gravame ao que se espera recuperalos ou liquidalos.
- Os activos por impostos diferidos xorden, igualmente, como consecuencia das bases impositibles negativas pendentes de compensar e dos créditos por deducións fiscais xeradas e non aplicadas.

- Recoñécese o correspondente pasivo por impostos diferidos para todas as diferenzas temporais impoñibles, salvo que estas se deriven do recoñecemento inicial dun fondo de comercio ou dunha transacción. E que ademais, non sexa unha combinación de negocios de outros activos e pasivos nunha operación que no momento da súa realización, non afecte nin ao resultado fiscal nin contable.
- Pola súa banda, os activos por impostos diferidos, identificados con diferenzas temporais deducibles só se recoñecen, ao igual que o resto de impostos diferidos (bases impoñibles negativas e deducións pendentes de compensar), no caso de que se considere probable que a Sociedade vai a ter no futuro suficientes ganancias fiscais contra as que poder facelos efectivos. Neste último caso, ademais non poden proceder do recoñecemento inicial de outros activos e pasivos froito dunha operación que non sexa unha combinación de negocios e que non afecta nin ao resultado fiscal nin ao resultado contable.
- Con ocasión de cada peche contable, revisaranse os impostos diferidos rexistrados (tanto activos como pasivos) co obxecto de comprobar que se manteñen viventes, efectuándose as oportunas correccións aos mesmos, de acordo cos resultados das análises realizadas.
- O gasto ou ingreso polo imposto diferido correspóndese co recoñecemento e a cancelación dos pasivos e activos por imposto diferido, así como, de ser o caso, polo recoñecemento e imputación á conta de perdas e ganancias do ingreso directamente imputado ao patrimonio neto que poida resultar da contabilización de aquelas deducións e outras vantaxes fiscais que teñan a natureza económica de subvención.



### 3.7. Ingresos e gastos.

- Os ingresos e gastos impútanse en función do criterio de devengo con independencia do momento no que se produce a corrente monetaria ou financeira derivada deles.
- A Sociedade unicamente contabiliza os beneficios realizados á data de peche do exercicio. Os riscos e as perdas previsibles, aínda sendo eventuais, contabilízanse no momento que se coñecen.
- Os ingresos pola venda de bens ou servizos recoñécense polo valor razoable da contrapartida recibida ou a recibir, derivada dos mesmos. Os descontos por pronto pago, por volume ou outro tipo de descontos, así como os intereses incorporados ao nominal dos créditos, rexístranse como unha minoración dos mesmos. Non obstante, a Sociedade inclúe os intereses incorporados aos créditos comerciais con vencemento non superior a un ano que non teñen un tipo de xuro contractual, cando o efecto de non actualizar os fluxos de efectivo non é significativo.

- Os descontos concedidos a clientes reconécense no momento en que é probable que se vaian a cumprir as condicións que determinan a súa concesión como una redución dos ingresos por vendas.
- Os anticipos a conta de vendas futuras figuraran valorados polo valor recibido.

### 3.8. Provisións e contínxencias.

- As obrigacións existentes a 31 de decembro de 2021 xurdidas como consecuencia de sucesos pasados dos que se poidan derivar danos para a Sociedade e dos que o importe no momento da súa cancelación é indeterminado, figuran no balance de situación como provisións polo valor que na actualidade se estima como máis probable a desembolsar pola Sociedade para a súa cancelación.
- A compensación a recibir dun terceiro no momento de liquidar a obriga, non supón unha minoración do importe da súa débeda, mantense o recoñecemento no activo da Sociedade do correspondente dereito de cobro, sempre que non existan dúbidas de que o reembolso será percibido.
- A Sociedade segue o criterio de rexistrar provisións para as eventuais responsabilidades, litixios e demandas que se puideran derlvar do desenvolvemento da súa actividade.

### 3.9. Subvencións, doazóns e legados.

As subvencións de explotación de carácter non reintegrable e destinadas a financiar globalmente a actividade da Sociedade contabilízanse como ingresos na conta de resultados no momento da súa concesión.

Aquelas subvencións destinadas especificamente á compensación dos gastos correntes nos que se incorre na realización de proxectos específicos rexístranse como Débedas transformables en subvencións, e impútanse ao resultado do exercicio en función do grao de avance en costes que se produce nos distintos proxectos subvencionados.

Aquelas subvencións, doazóns ou legados destinados especificamente á adquisición de Inmobilizado rexístranse como Subvencións oficiais de capital e Doazóns e legados de capital, imputándose ao resultado do exercicio en proporción á depreciación experimentada durante o período polos citados elementos. No caso de activos non amortizables, impútanse ao resultado do exercicio no que teña lugar a súa venda ou baixa no inventario.

As subvencións de carácter reintegrable rexístranse como pasivos ata que adquiren a condición de non reintegrables. Segundo o indicado na nota 2 da memoria, atenderanse os criterios que establece a Disposición adicional única da Orde EHA/733/2010. Segundo esta, considerarase como subvención non reintegrable cando na data de formulación das contas anuais se executase a



actuación, total o parcialmente. No suposto de execución parcial, a subvención calificarase como non reintegrable en proporción ao gasto executado sempre que non existan dúbidas razoables de que se concluirá nos termos fixados nas condicións de outorgamento.

As achegas de socios con finalidade indeterminada, para financiar déficits de explotación ou gastos xerais de funcionamento da empresa, non asociados con ningunha actividade ou área de actividade en concreto senón co conxunto das actividades que realiza, aínda cando unha parte das actividades desenvolvidas sexan actividades de interese público ou xeral, sempre que estas non recibiran unha financiación individualizada, considéranse "achegas de socios" e contabilizaranse directamente nos fondos propios do balance.

### *3.10. Criterios empregados en transaccións entre partes vinculadas.*

As operacións entre empresas dun mesmo grupo, con independencia do grao de relación, contabilízanse de acordo coas normas xerais. Os elementos obxecto das operacións que se realicen contabilizaranse no momento inicial polo seu valor razoable. A posterior valoración realízase segundo o disposto na normativa particular das contas correspondentes.

Esta norma de valoración afecta ás partes vinculadas que se especifican na Norma de Elaboración de Contas Anuais 13ª do Plan Xeral de Contabilidade. Deste xeito:

a) Entenderase que unha sociedade forma parte do grupo cando ambas estean vinculadas por unha relación de control, directa ou indirecta, análoga á prevista no artigo 42 do Código de Comercio, ou cando as sociedades estean controladas por calquera medio por unha ou varias persoas xurídicas que actúen conxuntamente ou estean baixo unha única dirección por acordos ou cláusulas estatutarias.

b) Entenderase que unha sociedade está asociada cando, sen ser sociedade do grupo no sentido indicado, a sociedade ou as persoas físicas dominantes exerzan unha influencia significativa sobre esa sociedade asociada, tal e como se desenvolve coidadosamente na citada Norma de elaboración de contas anuais 13ª.

c) Unha parte considérase vinculada a outra cando un deles exerza ou teña a posibilidade de exercer, directa ou indirectamente ou en virtude de pactos ou acordos entre accionistas ou partícipes, o control sobre outro ou unha influencia significativa na toma de decisións financeiras e de explotación do outro, segundo se detalla en detalle na Norma para a elaboración de contas anuais 11ª do PGC PYME.

Considéranse partes vinculadas coa Sociedade, ademais das sociedades do grupo, as asociadas e as entidades controladas conxuntamente, as persoas físicas que posúan directa ou indirectamente algunha participación nos dereitos de voto da Sociedade, ou da súa matriz, de forma que permítelles exercer unha





influencia significativa sobre uns ou outros, así como sobre os seus familiares próximos, o persoal clave da Sociedade ou da súa matriz (persoas con autoridade e responsabilidade sobre a planificación, dirección e control das actividades da empresa, ben directamente ou indirectamente), que inclúe os conselleiros e directivos, xunto cos seus familiares próximos, así como as entidades sobre as que as citadas persoas poidan exercer influencia significativa. Asemade, considéranse partes vinculadas as sociedades que compartan conselleiro ou xerente coa Sociedade, agás cando esta non exerza unha influencia significativa nas políticas financeiras e de explotación de ambos e, se é o caso, dos familiares próximos do representante persoa física do Administrador, persoa xurídica, da Sociedade.



#### 4. Inmobilizado material, intanxible e inversións inmobiliarias

No seguinte cadro amósase o estado dos movementos do Inmobilizado Material e do intanxible:

	Inmobili- za intanxible	Inmobili- za material	Inversión inmob.	Total
A) SALDO INICIAL BRUTO, EJERCICIO 2020	7.847.89	35.733.97		43.581.86
(+) Entradas	+	+	+	+
(-) Saídas	+	+	+	+
B) SALDO FINAL BRUTO, EJERCICIO 2020	7.847.89	35.733.97		43.581.86
C) SALDO INICIAL BRUTO, EJERCICIO 2021	7.847.89	35.733.97		43.581.86
(+) Entradas	+	8.794.32		9.294.32
(-) Saídas	+	+	+	+
D) SALDO FINAL BRUTO, EJERCICIO 2021	7.847.89	44.528.29		52.376.18
E) AMORTIZACIÓN ACUMULADA, SALDO INICIAL EJERCICIO 2020	6.897.70	35.733.97		42.631.67
(+) Dotación á amortización do exercicio 2020	560.60	+		560.60
(+) Aumentos por adquisicións ou trasposos	+	+	+	+
(-) Diminucións por saídas, baixas, reducións ou trasposos	+	+	+	+
F) AMORTIZACIÓN ACUMULADA, SALDO FINAL EJERCICIO 2020	7.458.30	35.733.97		43.192.27
G) AMORTIZACIÓN ACUMULADA, SALDO INICIAL EJERCICIO 2021	7.458.30	35.733.97		43.192.27
(+) Dotación á amortización do exercicio 2021	270.33	751.14		1.021.47
(+) Aumentos por adquisicións ou trasposos	+	+	+	+
(-) Diminucións por saídas, baixas, reducións ou trasposos	+	+	+	+
H) AMORTIZACIÓN ACUMULADA, SALDO FINAL EJERCICIO 2021	7.728.63	36.485.11		44.213.74
I) CORRECCIÓN VALOR POR DETERIORO, SALDO INICIAL EX 2020	+	+	+	+
(+) Correccións valorativas por deterioro recoñecidas no período	+	+	+	+
(-) Reversión de correccións valorativas por deterioro	+	+	+	+
(-) Diminucións por saídas, baixas, reducións ou trasposos	+	+	+	+
J) CORRECCIÓN VALOR POR DETERIORO, SALDO FINAL EX 2020	+	+	+	+
K) CORRECCIÓN VALOR POR DETERIORO, SALDO INICIO EX 2021	+	+	+	+
(+) Correccións valorativas por deterioro recoñecidas no período	+	+	+	+
(-) Reversión de correccións valorativas por deterioro	+	+	+	+
(-) Diminucións por saídas, baixas, reducións ou trasposos	+	+	+	+
L) CORRECCIÓN VALOR POR DETERIORO, SALDO FINAL EX 2021	+	+	+	+
M) VALOR NETO CONTABLE FINAL EJERCICIO 2021	+	8.043.18		8.043.18



## 5. Activos financeiros

a) Valor dos activos financeiros, salvo inversións no patrimonio de empresas do grupo, multigrupo e asociadas.

De conformidade co indicado polo Instituto de Contabilidade e Auditoría de Contas (consulta nº 2 del BOICAC nº 87/2011) neste apartado da memoria non se inclúen os débitos coas Administracións Públicas. A información dos instrumentos financeiros do activo do balance da sociedade a curto e longo prazo, sen considerar o efectivo e outros activos equivalente, clasificados por categorías, é a que se amosa a continuación:

Activos financeiros a curto e longo prazo, salvo inversión no patrimonio de empresas do grupo, multigr. e asociadas (3)

	Instrumentos de patrimonio		Valores representativos de débeda		CLASES			TOTAL
	Ex. 2021	Ex. 2020	Ex. 2021	Ex. 2020	Créditos Derivados Outros			
					Ex. 2021	Ex. 2020		
Activos financeiros a custe amortizado:					Ex. 2021	Ex. 2020	Ex. 2021	Ex. 2020
TOTAL					130.829,42	202.510,05	130.829,42	202.510,05

(3) O efectivo e outros activos equivalentes non se inclúen no total da.

No exercicio 2021, o importe de 130.829,42 euros que figura na cadro no apartado "Activos financeiros a custe amortizado" correspóndese cos seguintes epígrafes:

- Debedores, por importe de 67.043,68 euros, que inclúe:
  - Pendente de cobro do proxecto Europeo Transtic (xa finalizado e xustificado): 5.664,35 €
  - Achega de socios non satisfeitas, da Universidade de Santiago de Compostela:
    - A C/P: 21.375,48 €
  - Achega de socios correspondente ao ano 2021, non satisfeita, do Concello de Santiago de Compostela: 40.000,00 €
  - Pendente de cobro do exceso no pago a Fisela, S.L.: 3,85 €
- Debedores, por importe de 63.785,74 euros, que inclúe:
  - Achega de socios non satisfeitas, da Universidade de Santiago de Compostela, do que se prevé cobrar no período 2023 a 2025:
    - A L/P: 63.752,03 €
  - Fianzas constituídas de contratos de suministros por importe de 33,71 €



No exercicio 2020, o Importe de 202.510,06 euros que figura no cadro no apartado "Activos financeiros a custe amortizado" correspóndese cos seguintes epígrafes:

- Debedores, por importe de 202.476,35 euros, que inclúe:
  - o Pendente de cobro do proxecto Europeo Transtic (xa finalizado e xustificado): 5.664,35€
  - o Achega de socios correspondentes aos anos 2018 a 2020 non satisfeitas, da Universidade de Santiago de Compostela: 167.490,00€
  - o Achega de socios correspondente ao ano 2020, non satisfeita, do Concello de Santiago de Compostela: 29.322,00€

Os activos financeiros a custe amortizado, por importe de 33,71 € correspóndense con fianzas constituídas de contratos de suministros.

#### b) Correccións por deterioro do valor orixinalas polo risco de crédito

A análise do movemento das contas correctoras representativas das perdas por deterioro orixinalas polo risco do crédito é o que se reflexa no seguinte cadro:

	Clases de activos financeiros					
	Valores representativos de débeda		Créditos, derivados e outros (1)		TOTAL	
	Imp.	Exp.	Imp.	Exp.	Imp.	Exp.
Perda por deterioro ao inicio do exercicio 2020				10.681,07		10.681,07
(+/-) Correccións valorativa por deterioro				0		0
(-/-) Reversión do deterioro						
(+/-) Saldos e reducións						
(+/-) Traspasos e outras variacións (combinacións de negocio, etc)						
Perda por deterioro ao final do exercicio 2020				10.681,07		10.681,07
Perda por deterioro ao inicio do exercicio 2021				10.681,07		10.681,07
(-/-) Correccións valorativa por deterioro						
(-/-) Reversión do deterioro						
(+/-) Saldos e reducións						
(+/-) Traspasos e outras variacións (combinacións de negocio, etc)						
Perda por deterioro ao final do exercicio 2021				10.681,07		10.681,07



#### c) Activos financeiros non correntes.

A análise do movemento durante o exercicio para cada clase de activos financeiros non correntes é a seguinte:



Clases de activos financieros con correntes

	Instrumentos de patrimonio	Valores representativos de deuda	Créditos, devueltos y otros	TOTAL
Saldo ó inicio do exercicio 2020			33,71	33,71
(+) Altas	420,00			420,00
Saldo final do exercicio 2020	420,00		33,71	453,71
(-) Altas			63.752,03	63.752,03
Saldo final do exercicio 2021	420,00	0,00	53.785,74	54.205,74

d) Empresas do grupo, multigrupo e asociadas.

Ao 31 de decembro do 2021 e do 2020 non foi necesario rexistrar correccións valorativas por deterioro.

**6. Pasivos financeiros.**

De conformidade co indicado polo Instituto de Contabilidade e Auditoría de Contas (consulta nº 2 del BOICAC nº 87/2011) neste apartado da memoria non se inclúe os créditos cas Administracións Públicas. A información dos instrumentos financeiros do pasivo do balance da Sociedade a curto prazo, clasificados por categorías é a seguinte:

	CURTO PRAZO							
	Débedas con entidades de crédito		Obrigações e outros valores		Débedas a outros		TOTAL	
	Ex. 2021	Ex. 2020	Ex. 2021	Ex. 2020	Ex. 2021	Ex. 2020	Ex. 2021	Ex. 2020
Pasivos financeiros a custo amortizado	100.000,00	100.000,00	0	0	165.380,71	151.218,13	265.380,71	451.218,13
TOTAL	100.000,00	100.000,00	0	0	165.380,71	151.218,13	265.380,71	451.218,13

No exercicio 2021, o importe de 265.380,71 € que figura na cadro no apartado "Pasivos financeiros a custe amortizado" correspóndese, principalmente, cos seguintes epígrafes:

- Débeda con Banco Sabadell por préstamo concedido o 10 de decembro de 2020 por importe de 100.000,00 euros.
- Outras débedas a curto prazo, por importe de 165.380,71 euros, correspondentes coa conta "Débedas a curto prazo transformables en subvencións" e "Fianzas recibas a curto prazo"
- Non se teñen en conta os apartados de "Facenda Pública Acredora por conceptos fiscais" e "outras débedas coas Administracións.



No exercicio 2020, o importe de 451.218,13 € que figura na cadro no apartado "Pasivos financeiros a custe amortizado" correspóndese, principalmente, cos seguintes epígrafes:

- Débeda con Banco Sabadell por préstamo concedido o 10 de decembro de 2020 por importe de 100.000,00 euros.
- Outras débedas a curto prazo, por importe de 345.707,20 euros, correspondentes coa conta "Débedas a curto prazo transformables en subvencións" e "Fianzas recibidas a curto prazo".
- Provedores, empresas do grupo e asociadas, por importe de 5.280,97 euros.
- Acreedores comerciais e outras contas a pagar, por importe de 229,96 euros (non se teñen en conta os apartados de "Facenda Pública Acredora por conceptos fiscais" e "outras débedas coas Administracións).

#### Clasificación por vencementos

As clasificacións por vencemento dos pasivos financeiros da Sociedade, nos vindeiros anos e ao peche do exercicio ata o seu vencemento, detállanse no seguinte cadro:

Vencemento dos Instrumentos financeiros de pasivo ao peche do exercicio 2021

	Vencemento en anos						TOTAL
	1	2	3	4	5	>5	
Debedas a longo prazo		682,72					682,72
Débedas con entidades de crédito							
Acreedores por arrendamento financeiro							
Outras débedas a longo prazo		682,72					682,72
Debedas con empresas, grupo e asociadas a longo prazo							
Debedas a curto prazo	265.380,71						265.380,71
Débedas con entidades de crédito	100.000,00						100.000,00
Acreedores por arrendamento financeiro							
Outras débedas a curto prazo	165.380,71						165.380,71
Debedas con empresas, grupo e asociadas a longo prazo							
Acreedores comerciais e outras contas a pagar	5.133,90						5.133,90
Provedores							
Outros acreedores	5.133,90						5.133,90
Persoal							
<b>TOTAL</b>	<b>270.614,61</b>	<b>682,72</b>					<b>271.197,33</b>




- O importe de 682,72 € que figura a longo prazo correspóndese coa conta “Débedas a longo prazo transformables en subvencións” e é referido o importe pendente de imputar ao patrimonio neto do proxecto:

o YEIM 2                      682,72 €

Durante o exercicio no se produciu un impago do principal ou intereses do préstamo, nin incumprimentos contractuais diferentes do impago que outorgase ó prestamista o dereito a reclamar o pago anticipado do préstamo.

A Sociedade non ten débedas con garantía real.

A débeda co Banco Sabadell derivada do préstamo concedido está garantida polo ICO (Instituto de Crédito Oficial), entidade dependente do Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital.

## 7. Fondos propios

No marco do dereito de socio recoñecido no artigo 348.bis da Lei de Sociedades de Capital, faise constar que a Sociedade non distribuíu dividendos nos últimos cinco anos, sen que ningún dos socios da Sociedade votase en contra da proposta de aplicación de resultados durante todo o devandito período.

O movemento deste epígrafe do balance de situación durante o exercicio 2021 foi o seguinte:

	Capital social	Reservas	Achegas socios	Rdos. exercicios anteriores	Resultado do exercicio
Saldo 31.12.20	120.202,42	34.042,38	223.524,37	-	(33.817,82)
Distribución resultado 2020	-	-	(33.817,82)	-	33.817,82
Resultado do exercicio 2021	-	-	-	-	(60.545,54)
Achegas de socios	-	-	50.000,00	-	-
Provisións a curto prazo	-	(18.559,41)	-	-	-
Saldo 31.12.21	120.202,42	15.482,97	239.706,55	-	(60.545,54)


O capital da Sociedade formado por 1.000 participacións sociais con iguais dereitos e cun valor nominal de 120,20242€ cada unha.

O dez de maio de 2021, produciuse unha modificación na porcentaxe de participación, debido á compravenda de participacións por parte do Concello de Santiago de Compostela; deste xeito os socios contan a 31 de decembro de 2021, cunha participación superior ao 10% do capital distribuído como se amosa no seguinte cadro:

Socio	Nº de participacións	Capital	% de Participación
Universidade de Santiago de Compostela	200	24.040,48	20%
Concello de Santiago de Compostela	800	96.161,94	80%
Total	1.000	120.202,42	100%

Dos dous socios de Uninova, o Concello de Santiago de Compostela e a Universidade de Santiago de Compostela, realizaron durante o ano 2021 as seguintes contribucións que teñen como obxectivo financiar os gastos de funcionamento da sociedade, considéranse "achegas de socios":

- Universidade de Santiago de Compostela 10.000,00€
- Concello de Santiago de Compostela 40.000,00 €





## B. Situación fiscal

### 8.1. Saldos coas administracións públicas

	Exercicio 2021	Exercicio 2020
<u>Debedor:</u>		
Facenda Pública, debedor por IS	0,00	0,00
Facenda Pública, debedor por IVE	18.657,67	18.559,41
Facenda Pública, IVA soportado pdte. Devengo	0,00	0,00
Facenda Pública, debedor por subv. conced	325.518,20	478.485,50
<u>Acredor:</u>		
Facenda Pública, acreedora por IVE	0,00	0,00
Facenda Pública, acreedora por IRPF	2.665,96	2.333,77
Organismos da Seguridade Social	7.167,94	3.413,35
Facenda Pública, acreedora por subv. reintegrables	0,00	0,00

O importe de 325.518,20 euros que figura en Facenda Pública, debedor por subvencións concedidas, correspóndese cos Proxectos:

- SPIN UP: 154.274,74 euros
- BIOINCUBATECH: 152.167,03 euros
- YEIM 2: 19.076,43 euros

### 8.2. Impostos sobre beneficios

A Sociedade presenta anualmente unha declaración a efectos do Imposto sobre Sociedades. Os beneficios, determinados conforme á lexislación fiscal, están suxeitos ao tipo de gravame de empresas de reducida dimensión. Da cota resultante poden practicarse determinadas deducións establecidas pola lexislación vixente.

De acordo coa Lei do Imposto sobre Sociedades en vigor, se en virtude das normas aplicables para a determinación da base imponible esta resultase negativa, o seu importe poderá ser compensado sen límite temporal en exercicios inmediatos e sucesivos a aquel no que se orixinou a perda, distribuíndo a contía na proporción que se estime conveniente. A compensación realizarase ao tempo de formular a declaración do Imposto sobre Sociedades, sen prexuízo das facultades de comprobación que correspondan ás autoridades fiscais.

Conforme ás declaracións do Imposto sobre Sociedades presentadas e á declaración que se espera presentar para o exercicio 2021, a Sociedade dispón das seguintes bases impositivas negativas a compensar.



Ano de orixe	Euros
1999	76.366,22
2000	139.802,86
2001	97.896,08
2002	152.004,74
2003	20.718,98
2004	69.933,02
2005	45.605,72
2006	50.386,19
2007	53.379,75
2009	23.614,33
2011	47.275,65
2013	29.193,43
2014	45.838,61
2015	62.135,52
2016	50.886,74
2017	34.159,08
2018	58.556,76
2019	48.651,99
2020	33.817,82
2021	60.545,54
TOTAL	1.200.769,03

Ata o exercicio actual realizáronse as seguintes compensacións por beneficios presentados:

- 2008: 11.208,98 €
- 2010: 16.755,98 €

Os exercicios abertos a inspección comprenden os catro últimos exercicios. As declaracións de impostos non poden considerarse definitivas ata a súa prescrición ou a súa aceptación polas autoridades fiscais, con independencia de que a lexislación fiscal sexa susceptible de interpretacións.

O Consello de Administración estima que calquera pasivo fiscal adicional que puidera poñerse de manifesto, como consecuencia dunha eventual inspección, non tería un efecto significativo nas contas anuais tomadas no seu conxunto. Agás o que puidera derivarse dos requirimentos de documentación recibidos por parte de Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT) no exercicio 2020, en relación ás autoliquidacións de IVE correspondentes ao exercicio 2019. Unha vez a Administración revise a documentación aportada, se continua o procedemento, a resolución do mesmo pode afectar ao activo rexistrado en dito exercicio e que corresponde co IVE pendente de devolver por parte da AEAT, que ascende a 8.283,82 Euros.




### 8.3. Continxencias

No mes de outubro de 2020, a Administración Tributaria iniciou unhas actuacións de comprobación limitada sobre o Imposto sobre o Valor Engadido, correspondente ao exercicio 2019, períodos 1T, 2T, 3T e 4T, das que se poderían derivar pasivos continxentes significativos. Á data de formulación das presentes contas anuais, as actuacións atópanse na fase de análise, das alegacións e recurso de reposición, por parte do Tribunal Económico-Administrativo Rexional de Galicia (TEAR).

Asemade, a Sociedade optou na última liquidación do IVE do exercicio 2020 pola solicitude de compensación das cotas de IVE soportadas, resultando un importe pendente de compensación para o exercicio 2021 de 10.275,59.-euros.

Dadas as actuacións iniciadas pola AEAT, a sociedade opta por rexistrar unha provisión para impostos por un importe de 18.559,41.-euros, correspondentes aos 8.283,82.-euros do exercicio 2019, e os 10.275,59.-euros do exercicio 2020.

## 9. Operacións con partes vinculadas

O detalle dos saldos e transaccións coa USC, socio da Sociedade, durante os exercicios 2021 e 2020 foi o seguinte:

	2021	2020
<i>Ingresos:</i>	0,00	0,00
<i>Recepción de servizos:</i>		
- <i>Arrendamento instalacións</i>	4.235,34	3.432,24
- <i>Consumo servizos</i>	108,25	217,56
- <i>Informes</i>	0,00	0,00
<i>Saldos a 31/12</i>		
- <i>Acredor</i>	0,00	5.280,97
- <i>Debedor</i>	0,00	0,00



Os membros do Consello de Administración non percibiron durante o exercicio 2021 soldos, dietas ou remuneracións de calquera clase e as decisións da Sociedade tómanse en Consello de Administración. Tampouco a Sociedade ten obrigas contraídas en materia de pensións, seguros de vida ou semellantes respecto aos membros actuais ou anteriores do órgano de administración. A Sociedade non ten concedidos nin anticipos nin créditos nin garantías a favor de membros do Consello de Administración.

Os administradores non informaron de ningunha situación de conflito, directo ou indirecto, que puidesen ter coa Sociedade, tal e como establece o artigo 229.3 da Lei de Sociedade de Capital.



## 10. Outra información

### 10.1 Cadro de persoal

A distribución por categorías ao remate do exercicio do persoal da sociedade, é a seguinte:

	Total		Homes		Mulleres	
	Ex. 2021	Ex. 2020	Ex. 2021	Ex. 2020	Ex. 2021	Ex. 2020
Conseleiros (1)						
Altos directivos (non conselleiros)						
Resto de persoal de dirección das empresas						
Técnicos e profesionais científicos e intelectuais e de ensino	2	2	1	1	1	1
Empregados de tipo administrativo	1	1			1	1
Comerciais, vendedores e similares						
Resto de persoal cualificado						
Traballadores non cualificados						
<b>Total persoal ao remate do exercicio</b>	<b>3</b>	<b>3</b>	<b>1</b>	<b>1</b>	<b>2</b>	<b>2</b>

A continuación detállase por categorías a plantilla media do persoal da sociedade:

	Total		Homes		Mulleres	
	Ex. 2021	Ex. 2020	Ex. 2021	Ex. 2020	Ex. 2021	Ex. 2020
Conseleiros (1)						
Altos directivos (non conselleiros)						
Resto de persoal de dirección das empresas						
Técnicos e profesionais científicos e intelectuais e de ensino	1,912	1,803	0,912	0,803	1	1
Empregados de tipo administrativo	1	1			1	1
Comerciais, vendedores e similares						
Resto de persoal cualificado						
Traballadores non cualificados						
<b>Total persoal ao remate do exercicio</b>	<b>2,912</b>	<b>2,803</b>	<b>0,912</b>	<b>0,803</b>	<b>2</b>	<b>2</b>

### 10.2 Acordos que non figuren no balance

A sociedade non ten acordos que non figuren no balance.

### 10.3 Subvencións, doazóns e legados

No seguinte cadro amósanse as subvencións recoñecidas no patrimonio neto da sociedade e as imputacións a resultados feitas no exercicio 2021 e 2020:

SUBVENCIONS	2.021	2.020
Concepto	Proxecto Europeo YEIM 2	Proxecto Europeo YEIM 2
Débeda c/p transformable en subvención	11.954,84	31.460,61
Débeda l/p transformable en subvención	682,72	9.150,79
Importe recoñecido no patrimonio neto do balance		
Adicións exercicio	32.165,82	71.416,80
Outros movementos		
Imputado na conta de resultados	32.165,82	71.416,80
Saldo final recoñecido no patrimonio neto do balance		

SUBVENCIONS	2.021	2.020
Concepto	Proxecto BIOINCUBATECH	Proxecto BIOINCUBATECH
Débeda c/p transformable en subvención	79.341,45	157.653,61
Débeda l/p transformable en subvención		
Importe recoñecido no patrimonio neto do balance		
Adicións exercicio	78.312,16	18.053,06
Outros movementos		
Imputado na conta de resultados	78.312,16	18.053,06
Saldo final recoñecido no patrimonio neto do balance		

SUBVENCIONS	2.021	2.020
Concepto	Proxecto SPIN UP	Proxecto SPIN UP
Débeda c/p transformable en subvención	71.315,67	152.862,24
Débeda l/p transformable en subvención		18.369,03
Importe recoñecido no patrimonio neto do balance		
Adicións exercicio	99.915,59	63.515,19
Outros movementos		
Imputado na conta de resultados	99.915,59	63.515,19
Saldo final recoñecido no patrimonio neto do balance		




#### 10.4 Feitos posteriores o peche.

Por mor do cambio de usos de algún dos espazos do Edificio Emprendia, actual sede de Uninova, non se puido proceder á renovación do actual contrato de aluguer á espera de concretar por parte da USC e o Concello de Santiago de Compostela, a mellor ubicación para Uninova dentro de instalacións propiedade dos socios da empresa.

#### 10.5 Aplicación de resultados.

A proposta de aplicación do resultado do exercicio 2021, pendente de aprobación pola xunta xeral de socios, contempla a súa compensación coas achegas de socios:

Base de reparto	Exercicio 2021	Exercicio 2020
Saldo da conta de perdas e ganancias	-80.545,54	-33.517,82
Remanente		
Reservas voluntarias		
Outras reservas de libre disposición		
<b>Total</b>	<b>-80.545,54</b>	<b>-33.517,82</b>

Aplicación	Exercicio 2021	Exercicio 2020
A reserva legal		
A reserva por fondo de comercio		
A reservas especiais		
A reservas voluntarias		
A compensación de resultados negativos de exercicios anteriores		
A dividendos		
Resultados negativos de exercicios anteriores		
Outras achegas de socios	60.545,54	-33.317,82
<b>Total</b>	<b>-60.545,54</b>	<b>-33.317,82</b>

#### 10.6 Ingresos e gastos.

Detalle da conta de perdas e ganancias	Exercicio 2021	Exercicio 2020
<b>1.- Consumo de mercadorías</b>		
a) Compras, netas de devolucións e calquera desconto, das cales:		
- Nacionais		
- Adquisicións intracomunitarias		
- Importacións		
b) Variación de existencias		
<b>2.- Consumo de materias primas e outras materias consumibles</b>		
a) Compras, netas de devolucións e calquera desconto, das cales:		
- Nacionais		
- Adquisicións intracomunitarias		
- Importacións		




b) Variación de existencias		
<b>3.-Gastos de persoal</b>	<b>99.279,18</b>	<b>92.332,34</b>
a) Soldos, salarios e asimilados	75.093,97	69.669,42
b) Cargas Sociais	24.185,21	22.662,92
<b>3.- Outros gastos de explotación</b>	<b>169.471,27</b>	<b>92.829,83</b>
a) Servizos exteriores	145.986,22	45.887,24
b) Tributos	65,52	0
c) Perdas, deterioro e variación de provisións por operacións comerciais	0	0
d) Outros gastos de xestión corrente	23.419,53	46.942,59

O importe de 145.986,22 € que figura no cadro no apartado "Servizos Exteriores", e o importe de 65,52 € que figura no apartado "Tributos" correspóndese, cos seguintes gastos:

	2021	2020
ALUGUER EMPRENDIA UNINOVA	4.235,34	3.432,24
REPARACIÓN Y CONSERVACIÓN	97,01	0,00
SERVIZOS PROFESIONAIS INDEPENDENTES	2.653,26	809,49
SERVIZOS DE ASESORÍA	2.947,31	2.354,30
PRIMAS DE SEGUROS	1.055,35	1.014,75
SERVIZOS BANCARIOS E SIMILARES	7,70	205,60
CONSUMO DE TELEFONO	215,25	169,56
OUTROS SERVIZOS	209,36	3.729,00
GASTOS PROXECTO YEIM 2	302,50	774,20
GASTOS PROXECTO BIOINCUBATECH	71.983,22	10.25,00
GASTOS PROXECTO SPIN UP	59.279,32	21.045,58
OUTROS TRIBUTOS	65,52	0,00



O importe de "Outros Gastos de Xestión Corrente" por importe de 23.419,53€ correspóndese co importe pagado de becas a emprendedores polo proxecto europeo YEIM 2.

**10.7 Información sobre os aprazamentos de pago efectuados a provedores. Disposición adicional terceira. "Deber de información" da Lei 15/2010, de 5 de xullo.**

No seguinte cadro amósase o período medio de pago aos provedores (prazo que transcorre desde a entrega dos bens ou a prestación dos servizos a cargo do provedor e o pago material da operación) no exercicio:



CONCEPTO	Número días 2021	Número días 2020
Periodo medio de pago os provedores	11,55	0,96

#### *10.8 Honorarios de Auditoría.*

Os servizos de auditoría son contratados directamente pola sociedade e os honorarios derivados da mesma, serán abonados no exercicio 2022.





# Uninova

Iniciativas Empresariais Innovadoras

Os Administradores da SOCIEDADE PARA A PROMOCIÓN DE INICIATIVAS EMPRESARIAIS INNOVADORAS M.P., S.L. (UNINOVA), en Santiago de Compostela, a 27 de xuño de 2022, e en cumprimento dos requisitos establecidos nos artigos 253 do texto refundido da Lei de Sociedades de Capital e do artigo 37 do Código de Comercio, proceden a formular as contas anuais do exercicio comprendido entre o 1 de xaneiro de 2021 e o 31 de decembro de 2021, da SOCIEDADE PARA A PROMOCIÓN DE INICIATIVAS EMPRESARIAIS INNOVADORAS M.P., S.L. (UNINOVA), que veñen constituídas polos documentos que preceden a este escrito, e que inclúen o Balance de Pemes, a Conta de Perdas e Ganancias de Pemes e a Memoria (páxinas 1 a 31).

## ASINANTES:

D. Xosé Antonio Sánchez Bugallo  
Presidente

D. Antonio López Díaz  
Vicepresidente

Dona Carme Casado Casado  
Conselleira Delegada

Dona Goretti Sanmartín Rei  
Conselleira

D. Gumersindo Guinarte Cabada  
Conselleiro

D. Javier Ferreira Fernández  
Conselleiro

D. José Antonio Constenla Ramos  
Conselleiro

D. Manuel Cutrín Domínguez  
Conselleiro


Dona Marta Lois González  
Conselleira

Dona Mercedes Rosón Ferreiro  
Conselleira



---

D. Norberto Penedo Rey  
Conselleiro




---

D. Ramón Lois Lorenzo  
Conselleiro

---

**DILIXENCIA:** Para facer constar que as Contas Anuais do exercicio 2021, formuladas polo Consello de Administración na súa reunión do día 27 de xuño de 2022, son as que se achegan rubricadas polo Presidente do Consello. Así mesmo, dase fe da lexitimidade das sinaturas da totalidade dos Administradores da Sociedade recollidas neste documento. As contas non están asinadas polos Conselleiros: D. Ramón Lois Lorenzo, D. Manuel Cutrín Domínguez e D. Javier Ferreira Fernández ausentes na reunión do Consello de Administración.



**Uninova**  
Iniciativas Empresariais Innovadoras

---

D. Xosé Antonio Sánchez Bugallo  
Presidente

